RESUMO

1. Fonética e fonoloxía

A fonética é a disciplina lingüística que se ocupa do estudo da produción e recepción dos sons. A fonoloxía é a disciplina lingüística que se ocupa do estudo dos fonemas.

2. Son, grafía (grafema), dígrafo, fonema e alófono

Un son é a realización dun fonema no nivel da fala. Os sons represéntanse entre corchetes [ ]: ex. [b]. A grafía é a reprodución escrita do fonema, tamén se chama letra. Ás veces para representar un fonema utilizamos dúas grafías, dúas letras, (dígrafo).

Os fonemas son unidades mínimas con forma pero sen sentido que se sitúan no nivel da lingua. Os fonemas, ás veces, teñen distintas realizacións, dependendo normalmente da súa posición, a cada unha desas distintas realizacións chamámoslles "alófonos".

3. A produción dos sons

Non existe un aparato propiamente fonador, senón que, para a produción dos sons, o que facemos é aproveitarnos de órganos doutros aparatos, sobre todo o respiratorio.

Na produción dos sons interveñen as cordas vogais, a campaíña, as fosas nasais, a lingua a boca e os beizos, dando lugar a modos de articulación que se producen en determinados puntos de articulación.

4. Sistema fonolóxico do galego:

4.1. Subsistema vocálico

Existen en galego dous subsistemas vocálicos: un tónico e outro átono.

As vogais tónicas galegas:

fonema	características	grafía	exemplo
/a/	Aberta, central	(a)	Saco
/ɛ/	Medio-aberta, anterior	(e)	Sesta, mes
/e/	Medio-pechada, anterior	(e)	Cedo, mes
/i/	Pechada, anterior	(i)	Millo
/ɔ/	Medio-aberta, posterior	(o)	Nova, polo
/o/	Medio-pechada posterior	(o)	Monte, polo
/u/	Pechada posterior	(u)	Musa

As vogais átonasas galegas:

fonema	características	grafía	exemplo
/a/	Aberta, central	(a)	Cabeza
/e/	Media, anterior	(e)	Cereixa
/i/	Pechada, anterior	(i)	Quixera, réptil, mísil
/o/	Media posterior	(o)	Coser
/u/	Pechada posterior	(u)	Curuxa, chapeu, pau

4.2. Grupos de vogais (ditongos, tritongos e hiatos)

Un ditongo é unha agrupación de dúas vogais nun mesmo núcleo silábico. Para que se poida dar un ditongo unha das vogais, como mínimo, ten que ser pechada. En galego hai, pois, 16 ditongos, que se agrupan en oito crecentes (primeira vogal feble) e oito decrecentes (primeira vogal forte):

Un tritongo é unha agrupación de tres vogais nun mesmo núcleo silábico. Para que se poida dar un tritongo as vogais das beiras deben ser pechadas. Os tritongos son: uau, iau, uai, uou, iou, uei, iei, ueu. Hai tritongos en *guau*, *miau*, *guai*, *averiguou*, *aliviou*, *mingüei*, *aliviei*, *Bueu*,

Un hiato é a reunión de dúas vogais nunha palabra pero en sílabas contiguas. Esas vogais non forman unha soa sílaba senón dúas. Ex.: aí, ruído, fieis, día, continúa, roedor.

4.3. Subsistema consonántico:

Oclusivos:

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/b/	O., bilabial, sonoro	(b), (v)	Lobo, viño
/p/	O., bilabial, xordo	(p)	Copa
/d/	O., linguodental, sonoro	(d)	Dado
/t/	O., linguodental, xordo	(t)	Todo
/g/	O., linguovelar, sonoro	(gu+e,i), (g+o,u)	Guerra, goma
/k/	O., linguovelar, xordo	(c+a,o,u), (qu+e,i), (k)	Caso, queixo, Kant

Fricativos

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/θ/	F., linguointerdental, xordo	(c+e,i), (z)	Cea, zoco
/f/	F., labiodental, xordo	(f)	Fame
/s/	F., linguoalveolar, xordo	(s)	Sede
/š/	F., linguopalatal, xordo	(x)	Dixo

Africado

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/ĉ/	A., linguopalatal, xordo	(ch)	Cheda

Oronasais

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/m/	Or., bilabial, sonoro	(m)	Cama
/n/	Or., linguodental, sonoro	(n), (m+b,p)	Tona, campo
/ɲ/	Or., linguopalatal, sonoro	(ñ)	Soño
/ ŋ /	Or., linguovelar, sonoro	(nh)	Unha

Laterais

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/l/	L., linguodental, sonoro	(l)	Tolo
/λ/	L., linguopalatal, sonoro	(ll)	Palla

Vibrantes

Fonema	Características	Grafía	Exemplo
/r/	V. sinxela, linguodental, sonoro	(-r-)	Caro
/ŕ/	V. múltiple, linguodental, sonoro	(r-), C+r), (-rr-)	Ramo, honra, Carro

4.4. Particularidasdes do sistema fonolóxico galego

A observar nas táboas.

4.5. Normas ortográficas

As normas máis salientables son as dúas seguintes:

a) Escríbese (b) naquelas palabras que en latín tiñan (b) ou (-p-) intervocálico. Ex.: lupum > *lobo*; habere > *haber*.

b) Escríbese (v) nas pabras que tiñan en latín (v) ou (u): avolum> avó, ad vocatum> avogado; uinum> *viño*.